

Conforme estes criterios promulgouse o Real decreto 2584/1981, do 18 de setembro, polo que se aprobou o Regulamento de actuacións do Ministerio de Industria e Enerxía no campo da normalización e da homologación.

O Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguraza industrial, veu derrogar as disposicións que serviron de marco para o establecemento das homologacións do Ministerio de Industria e Enerxía, aínda que mantiña a vixencia dos regulamentos específicos e, con eles, os certificados de conformidade substitutivos das homologacións mentres non se promulgasen novas disposicións que expresamente os derogasen ou modificasen.

Debido á entrada en vigor da marcación CE para algúns produtos, como desenvolvemento do Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, en aplicación da Directiva 89/106/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros sobre os produtos de construción, modificado polo Real decreto 1328/1995, do 28 de xullo, resulta necesaria a derogación total da seguinte disposición de homologación: Orde do 13 de marzo de 1986 pola que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos tipos de blindaxes transparentes ou translúcidas para a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; así como a derogación parcial das seguintes disposicións: Orde do 14 de maio de 1986 pola que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos aparellos sanitarios cerámicos para utilizar en locais de hixiene corporal, cociñas e lavadoiros para a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; Real decreto 1312/1986, do 25 de abril, polo que se declara obrigatoria a homologación dos xesos e escaiolas para a construción, así como o cumprimento das especificacións técnicas dos prefabricados e produtos afíns de xesos e escaiolas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía; derogación parcial de todo o coincidente co desenvolvemento e a aplicación da Directiva 89/106/CEE para estes produtos, para coadjuvar á harmonización técnica prevista na citada directiva.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2007,

#### DISPÓN O:

##### Artigo único. *Derrogación de disposicións.*

Quedan derogadas, total ou parcialmente, as disposicións que se relacionan a seguir así como as disposicións que as desenvolven:

a) Orde do 13 de marzo de 1986, pola que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos tipos de blindaxes transparentes ou translúcidas para a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía.

b) Real decreto 1312/1986, do 25 de abril, polo que se declara obrigatoria a homologación dos xesos e escaiolas para a construción, así como o cumprimento das especificacións técnicas dos prefabricados e produtos afíns de xesos e escaiolas e a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía. Derrogación parcial, só para os produtos incluídos nas normas: pedra de xeso, UNE 102 001:86; xeso, UNE 102 010:86; escaiola, UNE 102 011:86; e placas de cartón xeso, UNE 102 023:83.

c) Orde do 14 de maio de 1986 pola que se declaran de obrigado cumprimento as especificacións técnicas dos aparellos sanitarios cerámicos para utilizar en locais de hixiene corporal, cociñas e lavadoiros para a súa homologación polo Ministerio de Industria e Enerxía. Derrogación parcial, só para os inodoros cerámicos da norma UNE 67 001:88.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
JOAN CLOS I MATHEU

## MINISTERIO DE FOMENTO

**9414** *REAL DECRETO 503/2007, do 20 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais. («BOE» 111, do 9-5-2007.)*

A Directiva 97/67/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa ás normas comúns para o desenvolvemento do mercado interior dos servizos postais da Comunidade e a mellora da calidade do servizo (no sucesivo Directiva postal), imponlles aos Estados membros, no seu artigo 3, a obriga de velar para que os provedores do servizo universal garantan todos os días laborables, e polo menos cinco días á semana, unha recollida nos puntos de acceso e unha distribución no domicilio de cada persoa física ou xurídica dos envíos comprendidos no ámbito do servizo postal universal.

A Directiva postal prevé, non obstante, dúas excepcións a esta regra xeral. A primeira consiste en permitir, en condicións ou circunstancias xeográficas excepcionais que debe valorar e autorizar a autoridade nacional de regulación, que a recollida e a distribución dos envíos postais se realicen cunha frecuencia distinta á establecida con carácter xeral.

A segunda supón que a autoridade nacional de regulación valore, en condicións que quedan ao seu xuízo, que os envíos postais se entreguen en instalacións apropiadas como sistema alternativo á entrega no domicilio do destinatario. A Directiva postal non precisa, non obstante, o que se debe entender por instalacións apropiadas, polo que corresponde a cada Estado membro, en virtude do principio de subsidiariedade, a súa posterior determinación e desenvolvemento.

Os artigos 16.3 e 17.2 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, traspoñen a normativa comunitaria nesta materia, remitindo ao Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais (en diante Regulamento postal) o desenvolvemento dos supostos de excepcionalidade na entrega dos envíos postais.

A Lei 24/1998, do 13 de xullo, establece, no artigo 16.3.a), a posibilidade de exceptuar a entrega dos envíos postais no enderezo postal sinalado, cando concorran as circunstancias excepcionais que regulamentariamente se determinen.

Pola súa parte, o artigo 3.1 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, establece a obrigatoriedade de que os edificios se proxecten, constrúan e manteñan de forma que se facilite o acceso dos servizos postais, mediante a dotación de instalacións apropiadas

para a entrega dos envíos postais, segundo o disposto na súa normativa específica.

O artigo 37 do Regulamento postal sinala que a autoridade reguladora postal poderá establecer condicións específicas para facilitar a entrega dos envíos ordinarios nos supostos de predios ou casas illadas, en ámbitos de gran desenvolvemento de construción e mínima densidade de poboación, así como cando concorran circunstancias ou condicións xeográficas excepcionais.

O Acordo do Consello de Ministros do 10 de marzo de 2000 aprobou, con carácter provisional, o Plan de prestación do servizo postal universal, no cal se determinan os tipos de entrega dos envíos postais en caixas de correo domiciliarias, a domicilio, en apartados postais ou en oficinas, e faise referencia a outras modalidades de entrega, a través de caixas de correo concentradas pluridomiciliarias e caixas de correo rurais individuais, como excepción aos anteriores sistemas de entrega.

O carácter provisional do Plan de prestación e a evolución que, por unha parte, experimentou a sociedade nas súas estruturas e actividades, con repercusión directa no campo das comunicacións postais, e, por outra, o desenvolvemento de novas construcións e hábitos de vida, requiren dotar estes supostos dunha maior precisión co obxecto de determinar cando concorren circunstancias ou condicións excepcionais de entrega dos envíos postais nestes ámbitos e permitir a planificación necesaria respecto á dimensión e á loxística da rede do servizo postal universal.

O principio de igualdade de trato establecido pola norma, que se debe entender como unha prestación de servizo idéntico cando existen condicións comparables, fai aconsellable revisar o mencionado artigo 37 do Regulamento postal para establecer as condicións específicas que faciliten a entrega dos envíos postais xerais en ámbitos nos cales a baixa densidade de poboación, o illamento de predios ou casas, a evolución do número de vivendas construídas, o seu grao de utilización ou desocupación e o índice de utilización do servizo postal, poidan crear inseguranza xurídica e problemas de funcionalidade na distribución e repartición de correspondencia.

Por outra parte, o tempo transcorrido desde a fixación dos obxectivos de calidade exixibles ao operador encargado da prestación do servizo postal universal e a contrastada estabilidade dos resultados obtidos na súa medición, aconsellan modificar os parámetros establecidos no artigo 45 do Regulamento postal, que determina os prazos de expedición e as normas de regularidade dos envíos postais incluídos no ámbito do servizo postal universal, achegándoos aos dos países do noso contorno e adecuándoos á realidade do mercado postal e ás necesidades, cada vez máis exixentes, dos cidadáns.

Nesta orde, dada a importancia dos intereses dos cidadáns, que teñen dereito a servizos de boa calidade, e considerando que esta calidade constitúe para os usuarios un aspecto esencial do servizo prestado, modifícase o artigo 47 do Regulamento postal, para incorporar ao propio regulamento as fórmulas e importes das minoracións da contía anual de financiamento público do servizo postal universal por incumprimento dos parámetros de calidade, establecidos no Plan de prestación do servizo postal universal para o operador que ten encomendada esa prestación. Con isto, e coa posibilidade de que tanto as fórmulas como o importe das minoracións poidan ser revisados e modificados mediante orde ministerial, facilítase a súa adecuación á dinámica evolutiva da prestación do servizo postal universal e incentívase a realización de esforzos, por parte do operador designado, para mellorar e realzar a calidade dos servizos prestados.

Todo isto, loxicamente, sen prexuízo do disposto no título V da Lei 24/1998, do 13 de xullo, para efectos da determinación das infraccións e sancións no ámbito postal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, con informe do Consello Asesor Postal, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2007,

#### DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, aprobado polo Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro.*

Os artigos do Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, aprobado polo Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, que a continuación se relacionan, quedarán redactados como segue:

Un. O artigo 37 queda redactado como segue:

«Artigo 37. *Entrega de envíos postais en contornos especiais ou cando concorren circunstancias ou condicións excepcionais.*

1. Nos contornos especiais a que se refire este artigo, a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de caixas de correo individuais non domiciliarias e de caixas de correo concentradas pluridomiciliarias.

En todo caso, a entrega dos envíos postais ordinarios a través de caixas de correo individuais e de caixas de correo concentradas pluridomiciliarias, como sistemas alternativos e excepcionais á entrega no domicilio, realizarase todos os días laborables e, polo menos, cinco días á semana.

O acceso á distribución de envíos postais a través dos sistemas mencionados poderá ser utilizado por calquera operador postal.

2. De conformidade co artigo 3.1.a.3) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e co obxecto de facilitar a prestación do servizo postal nas condicións previstas regulamentariamente, o operador ao cal o Estado lle encomendou a prestación do servizo postal universal poderá convir cos usuarios ou os seus representantes, os concellos competentes, así como cos promotores e demais entidades responsables da proxección, construción e mantemento das edificacións do contorno afectado, o establecemento, localización e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios.

3. Se as vivendas ou edificacións do contorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se encontrasen en condicións de uso adecuadas, o operador encargado da prestación do servizo postal universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, logo de comunicación escrita aos destinatarios desta circunstancia e do horario en que poderán ser retirados, dando conta disto ao regulador postal no prazo de tres meses contados desde o inicio deste sistema de repartición.

4. Terán a consideración de contornos especiais os seguintes supostos:

a) Cando se trate de vivendas illadas ou situadas en contornos cualificados como diseminados e estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos.

A repartición realizarase mediante caixas de correo individuais ou agrupadas situadas ao paso ou nun punto de aproximación entre as vivendas e a vía de circulación.

b) En contornos de gran desenvolvemento de construción e mínima densidade de poboación,

entendendo por tal desenvolvementos de construción horizontal, que sexan vivendas individuais ou agrupadas, naves industriais ou calquera outro tipo de edificación individualizada.

Nestes contornos a repartición realizarase mediante caixas de correo concentradas pluridomiciliarias cando concorran, polo menos, dúas das seguintes condicións:

1. O número de habitantes censados sexa igual ou inferior a 25 por hectárea, considerando para estes efectos a superficie urbana.
2. O número de vivendas ou locais sexa igual ou inferior a 10 por hectárea, considerando para estes efectos a superficie urbana.
3. O volume de envíos ordinarios no contorno non exceda de cinco envíos semanais, de media por domicilio e en cómputo anual.

En caso de contornos de nova construción onde non sexa posible determinar algunhas das condicións anteriores, adoptarase, de forma provisional e por un prazo máximo de dous anos, o sistema de repartición que previsiblemente lle puidese corresponder por analoxía con contornos similares da zona, dando conta disto ao regulador postal no prazo de tres meses desde o inicio da repartición.

c) Noutros contornos especiais, considerando, para efectos postais, os seguintes:

1. Mercados, centros comerciais e de servizos, entendendo por estes aqueles contornos caracterizados por unha concentración de establecementos independentes de carácter comercial ou de servizos.
2. Conxunto residencial de inmobles que sexan vivendas unifamiliares cun único número de policía e sen identificación oficial individualizada de cada unha das vivendas, ou áreas industriais cuxas naves teñan, así mesmo, un único número de policía e sen identificación oficial de cada unha delas.

A repartición efectuarase en todo caso mediante caixas de correo concentradas pluridomiciliarias, que no segundo destes supostos deberá ser expresamente autorizada polo regulador postal.

5. Así mesmo, a entrega de envíos postais ordinarios a través de caixas de correo individuais non domiciliarias ou caixas de correo concentradas pluridomiciliarias poderase realizar cando se acorde, de forma expresa e fidedigna, cos destinatarios dos envíos postais ou cos seus representantes.

6. Sen prexuízo dos supostos sinalados nos puntos anteriores, cando concorran circunstancias ou condicións xeográficas excepcionais, que afecten a regularidade da repartición, ou as condicións de entrega da correspondencia, como no caso de situacións climatolóxicas extremas, cortes nas vías de comunicación, circunstancias que poñan en perigo a seguranza dos empregados, ou outras similares, o operador encargado da prestación do servizo postal universal deberao pór en coñecemento do órgano regulador para a súa valoración e, se é o caso, establecer condicións específicas que faciliten a entrega dos envíos neses ámbitos.

7. O operador ao cal se lle encomendou a prestación do servizo postal universal remitiralle á Subdirección Xeral de Regulación de Servizos Postais, trimestralmente, relación actualizada dos ámbitos nos cales, por concorrer calquera dos supostos establecidos neste artigo, se implantaron caixas de correo concentradas pluridomiciliarias ou caixas de correo individuais non domiciliarias.

En todo momento, mediante resolución razoada, o regulador postal poderá declarar que nun determi-

nado contorno deixaron de darse os supostos que permitían autorizar a excepcionalidade na entrega a que se refire este artigo. En tal caso, no prazo de seis meses a entrega no dito contorno deberase facer conforme as condicións ordinarias que se establecen neste regulamento.

8. Calquera modificación das condicións excepcionais de entrega deberá ser comunicada á Subsecretaría de Fomento, que a valorará e determinará as condicións específicas que faciliten a entrega dos envíos postais ordinarios nos contornos afectados.»

Dous. O artigo 45 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 45. *Prazos de expedición.*

1. A prestación do servizo postal universal, establecida con criterios de regularidade, requirirá o cumprimento dos prazos medios de expedición, en cómputo anual, medidos de extremo a extremo, segundo a fórmula D+n, na cal "D" representa a data de depósito e "n" o número de días laborables que transcorren desde tal data ata a da súa entrega ao destinatario.

Para estes efectos, o prazo de expedición de extremo a extremo é o transcorrido desde a data de depósito no punto de acceso á rede ata a data de entrega ao destinatario.

A data de depósito que se tomará en conta será a do mesmo día en que se deposite o envío ou que sexa imposto o xiro, no caso dos servizos financeiros, sempre que o depósito se realice antes da última hora de recollida sinalada para o punto de acceso á rede de que se trate. Cando o depósito se realice despois desa hora límite, a data de depósito que se terá en conta será a do seguinte día de recollida.

2. Os prazos medios de expedición e normas de regularidade, no ámbito nacional, serán:

- a) Para cartas e tarxetas postais, un prazo de D+3, que se deberá cumprir para o 93 por 100 destes envíos. Este cumprimento deberá alcanzar o 99 por 100 dos envíos no prazo D+5.
- b) Para paquetes postais de ata 10 quilogramos de peso, un prazo de D+3 no 80 por 100 dos envíos e de D+5 no 95 por 100.
- c) Para os xiros, o prazo será de D+3 nun 95 por 100 e de D+5 nun 99 por 100.

3. As porcentaxes establecidas no punto anterior poderán ser revisadas e actualizadas mediante orde do ministro de Fomento.

4. Nos servizos transfronteirizos intracomunitarios, os prazos serán fixados pola normativa comunitaria. Mentres estes prazos non se modifiquen, serán os establecidos pola Directiva 97/67/CE do Parlamento e do Consello, do 15 de decembro, relativa ás normas comúns para o desenvolvemento do mercado interior dos servizos postais da Comunidade e a mellora da calidade do servizo, sendo estes, en relación co prazo medio de expedición da categoría normalizada máis rápida, de D+3 nun 85 por 100 e de D+5 nun 97 por 100.»

Tres. O artigo 47 queda redactado do seguinte modo.

«Artigo 47. *Valoración da calidade do servizo postal universal.*

1. O Plan de prestación do servizo postal universal, previsto no artigo 20 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, incluírá os compromisos de calidade, en particular os referidos aos prazos de expedición, á regularidade e á fiabilidade dos servizos exhibibles ao operador ao cal se lle encomenda a prestación do



servizo postal universal, nos termos fixados neste regulamento.

Estes compromisos poderán ser desagregados, nos ámbitos urbano, intraprovincial e interprovincial, respectando, en todo caso, os globais fixados neste regulamento.

2. O control de calidade do funcionamento, que corresponderá á Subsecretaría de Fomento, será efectuado, como mínimo, unha vez ao ano e de maneira independente, por entidades externas sen vínculo ningún co operador do servizo postal universal, nas condicións establecidas polas normas técnicas que sobre a materia fosen publicadas polo Diario Oficial de la Unión Europea de acordo co establecido no artigo 17.4 da Lei 24/1998, do 13 de xullo.

Os resultados figurarán en informes publicados, polo menos, unha vez ao ano e serán postos á disposición do Consello Asesor Postal.

3. A Subsecretaría de Fomento poderá establecer excepcións ás normas de calidade cando o xustifican situacións excepcionais, por motivos de infraestrutura ou de xeografía.

O operador ao cal se lle encomendou a prestación do servizo postal universal deberá comunicar á Subsecretaría de Fomento estas excepcións para a súa aprobación.

4. Unha desviación negativa de calquera dos resultados obtidos anualmente respecto aos prazos medios de expedición establecidos, tendo en conta os erros estatísticos, dará lugar a minoracións da contía anual de financiamento público do servizo postal universal, que se determinarán de acordo co seguinte procedemento.

Para cada produto (cartas e tarxetas postais, xiros e paquetes) e prazo medio establecido (D+3 e D+5) calcularase a desviación ou diferenza entre o obxectivo e o resultado obtido. Dado que o resultado leva implícito un erro estatístico, considerarase como resultado obtido, para efectos de cálculo, o límite superior do intervalo de confianza.

O importe da minoración para cada un dos obxectivos incumpridos de cartas ou tarxetas postais será o resultado de multiplicar a desviación polo 0,035 por mil dos ingresos netos de explotación obtidos pola prestación do servizo de cartas e tarxetas postais nacionais ordinarias.

O importe da minoración para cada un dos obxectivos incumpridos no caso do xiro e dos paquetes postais será o resultado de multiplicar a desviación polo 0,1 por mil dos ingresos netos de explotación obtidos pola prestación dos servizos de xiro e/ou de paquetes postais, respectivamente.

A minoración total, que será a suma dos importes da minoración de cada un dos obxectivos incumpridos, non poderá exceder o importe máximo establecido para as sancións por faltas moi graves no artigo 42.1 da Lei 24/1998, do 13 de xullo.

5. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, a desviación en máis dun 5 por 100 nas porcentaxes fixadas para os prazos de expedición determinará o limiar de incumprimento, cuxo efecto deberá terse en conta para efectos de infraccións e sancións.

6. O sistema de cálculo das minoracións da contía anual do financiamento público por incumprimento dos prazos de expedición, así como as porcentaxes establecidas, poderán ser modificados por orde do ministro de Fomento.»

*Disposición transitoria primeira. Prazo de adaptación aos novos sistemas de repartición postal.*

Cando as condicións en que se estea realizando a repartición dos envíos postais ordinarios na data de entrada en vigor deste real decreto difiran das establecidas nel, os usuarios e o operador designado para prestar o servizo postal universal terán un prazo de dous anos, contado desde a dita data, para a súa adaptación.

*Disposición transitoria segunda. Fases na implantación dos prazos de expedición.*

Os prazos de expedición e normas de regularidade, no ámbito nacional, establecidos no artigo 45.2, serán exixibles desde o 1 de xaneiro de 2009.

Co fin de que o operador que presta o servizo postal universal poida adaptar os seus sistemas operativos para a consecución destes obxectivos, establécese unha fase transitoria durante o exercicio 2008, en que os prazos de expedición e as normas de regularidade exixibles serán os seguintes:

a) Para cartas e tarxetas postais, un prazo de D+3, que se deberá cumprir para o 92 por 100 destes envíos. Este cumprimento deberá alcanzar o 98,5 por 100 dos envíos no prazo D+5.

b) Para paquetes postais de ata 10 quilogramos de peso, un prazo de D+3 no 75 por 100 dos envíos e de D+5 no 90 por 100.

c) Para os xiros, o prazo será de D+3 nun 93 por 100 e de D+5 nun 98 por 100.

*Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o disposto nos puntos 9.1.1; 9.3; 9.4 e 10 do Plan de prestación do servizo postal universal, aprobado por Acordo de Consello de Ministros do 10 de marzo de 2000.

*Disposición derradeira única. Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,  
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9415** *ORDE PRE/1263/2007, do 8 maio, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, relativo aos complementos alimenticios. («BOE» 111, do 9-5-2007.)*

Mediante o Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, relativo aos complementos alimenticios, incorporouse ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2002/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de xuño de 2002, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de complementos alimenticios.